

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

7422 *Real decreto 475/2013, do 21 de xuño, polo que se modifica o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, en materia de transporte de mercadorías perigosas.*

O Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), do cal España é parte contratante, foi obxecto das emendas propostas por Portugal aos seus anexos A e B publicadas no «Boletín Oficial del Estado» núm. 164, do 11 de xullo de 2011.

Algunhas destas emendas teñen por obxecto incluír modificacións no capítulo 8.2 do ADR no cal se regulan as Disposicións relativas á formación da tripulación do vehículo, que comprenden a necesidade de dispor dunha autorización administrativa para poder conducir os vehículos que transporten mercadorías perigosas, os requisitos para a obtención, ampliación ou renovación, con especial fincapé na regulación da formación, e o exame que hai que superar.

Cabe destacar, entre outras, a incorporación dun modelo harmonizado de certificado de formación do condutor, equivalente á autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, en formato tarxeta de plástico e con maiores medidas de seguranza que o actual.

Así como a posibilidade de prorrogar a vixencia da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, ben mediante a realización dun curso de reciclaxe, que poderá ser básico e, se for o caso, de especialización, e a superación das probas correspondentes, ou ben, á escolla do titular da autorización especial, mediante a realización dun curso de formación inicial, que poderá ser básico e, se for o caso, de especialización, e a superación das probas que correspondan.

Tamén se prevé a posibilidade de solicitar a renovación da autorización especial dentro dos doce meses anteriores á súa data de caducidade, neste caso o período de validez da nova autorización especial computarase a partir desa data de caducidade; ou solicitala cunha antelación superior a eses doce meses, caso en que o período de vixencia da nova autorización especial comezará a partir da data en que se aprobasen as correspondentes probas para a prórroga da súa vixencia.

Ademais, é de destacar a introdución da «responsabilidade coa seguranza» na lista de materias para seren tratadas no contido da proba teórica común de control de coñecementos que teñan que realizar os solicitantes da autorización especial para vehículos que transporten mercadorías perigosas, co obxectivo de lograr unha maior concienciación sobre a seguranza nesa clase de transporte.

Estas modificacións das disposicións do ADR non están recollidas no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que cómpre proceder á súa modificación para incorporar estas reformas.

Ademais das reformas expostas, convén destacar, pola súa relevancia, que as probas de control de coñecementos para a prórroga de vixencia da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas se van realizar, en todo caso, nas xefaturas provinciais de Tráfico, con independencia de que o curso realizado sexa de reciclaxe ou de formación inicial.

Igualmente, en consonancia cos termos utilizados no Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), modificáronse os termos con que se viñan designando os cursos para obter, ampliar ou prorrogar a autorización especial que pasan a se denominar curso de formación inicial básico, curso de formación inicial de especialización, curso de reciclaxe básico e curso de reciclaxe de especialización.

Sobre este real decreto emitiu informe o Consello Superior de Seguranza Viaria, de conformidade co disposto no artigo 8.3 e) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

Modifícase o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, do seguinte modo:

Un. O artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 26. *Requisitos para a súa obtención.*

Para obter a autorización especial deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión, cunha antigüidade mínima dun ano, do permiso de condución ordinario en vigor da clase B, ao menos.
- b) Ter realizado con aproveitamento un curso de formación inicial básico como condutor para o transporte de mercadorías perigosas nun centro de formación autorizado pola Dirección Xeral de Tráfico.
- c) Ser declarado apto pola xefatura provincial de Tráfico nas correspondentes probas de aptitude.
- d) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin acharse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso que se posúa.
- e) Reunir as aptitudes psicofísicas requiridas para obter o permiso de condución das clases sinaladas no artigo 45.1.b).
- f) Ter a residencia normal en España.»

Dous. O artigo 28 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28. *Vixencia da autorización especial e a súa prórroga.*

1. A autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas terá un período de vixencia de cinco anos.

2. A vixencia desta autorización especial poderá ser prorrogada por novos períodos de cinco anos, en calquera xefatura provincial de Tráfico, logo de solicitude no modelo oficial subscrito polo interesado, á cal se xuntarán os documentos que se indican no anexo III.

3. Para prorrogar a vixencia da autorización o seu titular deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin acharse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso que posúa.
- b) Ter realizado con aproveitamento un curso de reciclaxe básico ou, no seu sitio, á escolla do seu titular, un curso de formación inicial básico.

Se ademais se quixer prorrogar a vixencia da ampliación da autorización, deberase realizar un curso de reciclaxe de especialización ou, no seu sitio, á escolla do seu titular, un curso de formación inicial de especialización.

- c) Superar as probas correspondentes ao curso realizado, de acordo co disposto no capítulo IV do título II.

4. Cando se realizase o curso e se superasen as probas correspondentes a que se refiren as alíneas b) e c) do número anterior dentro dos doce meses anteriores á data de caducidade da autorización, o período de vixencia da nova autorización iniciárase a partir da data de caducidade.

No suposto de que se realizase o curso e se superasen as probas cunha antelación superior á indicada no parágrafo anterior, o período de vixencia da nova autorización comezará a partir da data en que se aprobasen as correspondentes probas para obter a prórroga.»

Tres. O artigo 29 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29. *Ampliación da autorización especial.*

1. A autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas poderase ampliar, logo de solicitude dirixida á xefatura provincial de Tráfico en que se desexe obter, no modelo oficial suscrito polo interesado, ao cal se xuntarán os documentos que se indican no anexo III.

2. A ampliación terá un período máximo de vixencia de cinco anos.

Cando un condutor, estando vixente a súa autorización, amplíe o seu alcance a novas especialidades, o período de vixencia da nova autorización seguirá sendo o da autorización anterior.

3. Para ampliar a autorización o seu titular deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Ter autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas en vigor.

b) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores nin acharse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso que posúa.

c) Ter realizado con aproveitamento un curso de formación inicial de especialización para a materia para a cal solicite a ampliación nun centro de formación autorizado pola Dirección Xeral de Tráfico, de acordo co disposto no capítulo IV do título II.

d) Ser declarado apto pola xefatura provincial de Tráfico nas correspondentes probas de aptitude.

4. A xefatura provincial de Tráfico a que se dirixa a solicitude, logo das actuacións que en cada caso procedan e superadas as probas e exercicios que correspondan, concederá ou denegará a ampliación solicitada, circunstancia que se fará constar no Rexistro de Condutores e Infraactores.»

Catro. O artigo 65 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 65. *Centros en que se realizarán as probas e os exercicios prácticos.*

1. As probas teóricas de control de coñecementos realizaranse no centro de exames que, atendidas as circunstancias e as posibilidades do servizo, determine a xefatura provincial de Tráfico a que se dirixise a solicitude.

2. Os exercicios prácticos individuais sobre extinción de incendios e, se for o caso, os de carga e descarga e aqueles outros cuxa natureza o requira, realizaranse no lugar e nas instalacións, e cos medios autorizados que, por petición do director do centro de formación, fosen fixados pola xefatura provincial de Tráfico ao aprobar o curso.

Os demais exercicios prácticos individuais, tales como os de primeiros auxilios e utilización dos distintivos de presinalización de perigo, realizaranse en conexión coa formación teórica, na aula onde se impartan as clases teóricas.»

Cinco. O artigo 66 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 66. *Convocatorias.*

1. Cada solicitude de probas teóricas de control de coñecementos dará dereito a realizar as probas en dúas convocatorias. Entre convocatorias dun mesmo expediente non deberán mediar máis de seis meses.

As datas das probas a que se refire o parágrafo anterior serán fixadas, por petición do interesado, pola xefatura provincial de Tráfico que aprobase o curso, tendo en conta as posibilidades do servizo. A non presentación a calquera das probas nas datas fixadas dará lugar, salvo casos debidamente xustificadas, á perda da convocatoria.

2. As datas dos exercicios prácticos individuais que non se poidan realizar na aula a que se refire o artigo 65.2, parágrafo segundo, serán fixadas, por petición do director do centro de formación, pola xefatura provincial de Tráfico ao aprobar o curso.»

Seis. O artigo 67 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 67. *Forma de realizar as probas.*

1. As probas teóricas de control de coñecementos faranse de forma que se garanta que o aspirante posúe uns coñecementos adecuados. Con carácter xeral, realizaranse por procedementos informáticos. Para a realización das probas, a xefatura provincial de Tráfico facilitaralles aos aspirantes cuestionarios cuxas preguntas se extraerán dunha relación elaborada pola Dirección Xeral de Tráfico.

O número de preguntas polas que estarán formados os cuestionarios será o que se indica no anexo VI.D).1. As preguntas poderán ter un grao variable de dificultade e poderáselles asignar unha avaliación diferente.

2. Os exercicios prácticos individuais realizaranse, segundo proceda, en instalacións adecuadas ou na aula onde se impartan as clases teóricas e cos medios e equipamentos adecuados que requira a natureza da proba. No seu desenvolvemento e execución será necesaria a participación activa de todos e cada un dos aspirantes.»

Sete. O artigo 68 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 68. *Cualificación e vixencia das probas de aptitude.*

1. As probas teóricas de control de coñecementos, tanto a común como cada unha das específicas, e os exercicios prácticos individuais cualificaranse de apto ou non apto e con suxeición aos criterios establecidos no anexo VI.D).3.

2. As probas teóricas de control de coñecementos serán controladas e cualificadas polos funcionarios da xefatura provincial de Tráfico que aprobase o curso.

Os exercicios prácticos individuais serán cualificados por persoal do centro de formación, empresa ou entidade que impartise a formación práctica.

3. Malia o disposto no número anterior, funcionarios da Dirección Xeral de Tráfico ou da xefatura provincial de Tráfico que aprobase o curso poderán presenciar e intervir na valoración e cualificación dos exercicios prácticos individuais.

4. A declaración de aptitude nas probas de control de coñecementos ou nos exercicios prácticos individuais para obter ou ampliar a autorización especial terá un período de vixencia de seis meses, contado desde o día seguinte a aquel en que o interesado foi declarado apto na proba ou exercicio de que se trate.

A declaración de aptitude nas probas ou nos exercicios prácticos individuais para prorrogar a vixencia da autorización caducará na mesma data que a autorización que se pretende prorrogar.»

Oito. O artigo 71 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 71. *Das probas que se realizarán para prorrogar a vixencia da autorización.*

1. As normas establecidas nos artigos 63, 64 e 69 son igualmente aplicables aos condutores que, sendo titulares dunha autorización administrativa especial en vigor, soliciten a prórroga da súa vixencia por un novo período de cinco anos.

2. O novo período de vixencia da autorización especial comezará a partir das datas indicadas no artigo 28.4.»

Nove. A letra B) do anexo II «Licenza de condución e outras autorizacións para conducir», queda redactada do seguinte modo:

«B) Modelo de autorización ADR para o transporte de mercadorías perigosas.

1. As dimensións físicas da autorización, que será de plástico, serán conformes coas normas ISO 7810:2003 ID-1. A cor será branca coas letras en negro. Nel incluírase unha característica de seguranza adicional, como un holograma, a impresión ultravioleta ou patróns de garantía.

2. O modelo será o seguinte:

Anverso

ADR - CERTIFICADO DE FORMACIÓN DEL CONDUCTOR ADR - CERTIFICAT DE FORMATION DE CONDUCTEUR	
E	
(Insertar la fotografía del conductor)*	1. (N.º DE CERTIFICADO)* 2. (NOMBRE)* 3. (APELLIDO(S))* 4. (FECHA DE NACIMIENTO(dd/mm/aaaa))* 5. (NACIONALIDAD)* 6. (FIRMA DEL TITULAR)*
	7. (ORGANISMO QUE EXPIDE EL CERTIFICADO)* 8. VÁLIDO HASTA/VALABLE JUSQU'AU: (dd/mm/aaaa)*

Reverso

VÁLIDO PARA LA O LAS CLASES O LOS N.ºS ONU: VALABLE POUR LA OU LES CLASSES OU LES N.ºS ONU:	
CISTERNAS: EN CITERNES:	DISTINTO DE CISTERNAS: AUTRES QUE CITERNES:
9. (Clase o número(s) ONU)*	10. (Clase o número(s) ONU)*

* Substituir o texto polos datos que procedan.»

Dez. A letra G) «Autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas» do anexo III «Documentación para obter distintas autorizacións para conducir» queda modificada do seguinte modo:

a) O primeiro parágrafo e a alínea a) do punto 1 quedan redactados do seguinte modo:

«1. De acordo co establecido no artigo 27.1, para obter a autorización especial á solicitude subscrita polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican na letra A).1, alíneas a), b) e c), así como:

a) Certificado expedido polo centro de formación que impartise o curso en que se acredite que o solicitante participou con aproveitamento nun curso de formación inicial básico para condutores de vehículos que transporten mercadorías perigosas.»

b) O primeiro parágrafo e as alíneas a) e d) do punto 2 quedan redactados do seguinte modo:

«2. De acordo co establecido no artigo 28.2, para obter a prórroga da autorización especial, á solicitude subscrita polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican na letra A).1, alíneas b) e c), así como:

a) Certificado expedido polo centro de formación que impartise o curso en que se acredite que o solicitante seguiu con aproveitamento un curso de reciclaxe básico e, se for o caso, de especialización, ou, no seu sitio, á escolla do titular da autorización, de formación inicial básico e, se for o caso, de especialización, así como de ter superado os exercicios prácticos individuais correspondentes.»

«d) O documento que se indica na letra A).1, alínea a), no caso de que non existan antecedentes do interesado no Rexistro de Condutores e Infractores.»

c) O primeiro parágrafo e as alíneas a) e c) do punto 3 quedan redactados do seguinte modo:

«3. De acordo co establecido no artigo 29.1, para obter a ampliación da autorización especial á solicitude subscrita polo interesado xuntaránselle os documentos que se indican na letra A).1, alíneas b) e c), así como:

a) Certificado expedido polo centro de formación que impartise o curso en que se acredite que o solicitante participou con aproveitamento nun curso de formación inicial de especialización para a materia e superou os exercicios prácticos individuais correspondentes.»

«c) O documento que se indica na letra A).1, alínea a), no caso de que non existan antecedentes do interesado no Rexistro de Condutores e Infractores.»

Once. A letra C) «Probas que realizarán os solicitantes da autorización especial para vehículos que transporten mercadorías perigosas» do anexo V «Probas que realizarán os solicitantes das distintas autorizacións», queda modificada do seguinte modo:

a) As alíneas c), e), f), e n) do punto 1.1 quedan redactadas do seguinte xeito e incorpórase unha alínea o):

«c) Información relativa á protección do ambiente para o control da transferencia de residuos.»

«e) Comportamento tras un accidente (primeiros auxilios, seguranza viaria, coñecementos básicos relativos á utilización dos equipamentos de protección, instrucións escritas, etc.).»

«f) Marcación, etiquetaxe, inscricións e paneis laranxa.»

«n) Restricións de tráfico nos túneles e instrucións sobre o comportamento nos túneles (prevención de incidentes, a seguranza, as medidas que hai que tomar en caso de incendio ou noutras situacións de emerxencia, etc.)»

«o) Responsabilidade coa seguranza.»

b) A alínea d) do punto 1.2.1.º queda redactada do seguinte modo:

«d) Disposicións suplementarias específicas relativas á utilización destes vehículos (certificados de aprobación, marcas de aprobación, etiquetaxe e paneis laranxa, etc.)»

Doce. Os puntos 1 e 2 da letra D) do anexo VI «Organización, desenvolvemento e criterios de cualificación das probas de control de coñecementos e de control de aptitudes e comportamentos», quedan redactados do seguinte modo:

«D) Probas de control de coñecementos sobre formación práctica e exercicios prácticos para obter a autorización especial que habilite para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas.

1. Número de preguntas. O número de preguntas formuladas nas probas de control de coñecementos sobre formación teórica será:

a) Na proba común de control de coñecementos para a obtención da autorización, un mínimo de 25 preguntas e un máximo de 70.

b) En cada unha das probas de control de coñecementos específicas para a ampliación da autorización, un mínimo de 15 e un máximo de 40.

c) En cada unha das probas de control de coñecementos para a prórroga de vixencia, cando se realizase un curso de reciclaxe, un mínimo de 15 e un máximo de 40 para a proba común, e un mínimo de 10 e un máximo de 40 para as probas específicas.

d) En cada unha das probas de control de coñecementos para a prórroga de vixencia, cando se realizase un curso de formación inicial, as establecidas nas alíneas a) e b), segundo se trate da proba común ou as específicas, respectivamente.

2. Duración das probas. O tempo destinado á realización das probas de control de coñecementos sobre formación teórica a que se refire o artigo 63 será de 2 minutos por pregunta. En casos especiais, debidamente xustificadas, poderase ampliar o dito tempo a 3 minutos por pregunta.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, consideraranse casos especiais as dificultades de comprensión lectora do aspirante.

O tempo destinado á realización dos exercicios prácticos a que se refiren os artigos 64 e concordantes será o necesario para que cada un dos condutores aspirantes os realice individualmente, con eficacia e seguranza.»

Disposición transitoria primeira. *Vixencia das autorizacións especiais para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas expedidas con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto.*

As autorizacións especiais para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas expedidas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 seguirán sendo válidas nas mesmas condicións en que se obtiveron até que proceda expedir unha nova autorización especial con ocasión da súa prórroga de vixencia, ampliación ou calquera outro trámite regulamentario.

Disposición transitoria segunda. *Cursos de reciclaxe aprobados antes da entrada en vigor deste real decreto.*

Os cursos de reciclaxe para a prórroga de vixencia da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas aprobados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa aplicable na súa data de aprobación, polo que as probas de control de coñecementos serán realizadas no centro que impartise o curso.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto as modificacións relativas á realización na xefatura provincial de Tráfico das probas teóricas de control de coñecementos para a prórroga de vixencia da autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas, cando se realizase un curso de reciclaxe, que o farán aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ